



## EXPEDIENTE 1308/2021

### BASES REGULADORAS DA LIÑA AXUDAS DO CONCELLO DA GUARDA PARA PALIAR O IMPACTO ECONÓMICO ORIXINADO POLA COVID 19.

#### PRIMEIRA.- NORMATIVA APLICABLE.

Estas bases reguladoras son tramitadas no marco da normativa contida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (en diante RLXS), pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, ademais, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outro disposición normativa que pola súa natureza poida ser de aplicación e en virtude das circunstancias provocadas pola crise sanitaria como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### SEGUNDA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto destas axudas é paliar o impacto económico que tivo a crise sanitaria como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Concretamente, a axuda está destinada a axudar a paliar **gastos determinados nas presentes bases**, realizados durante o **período comprendido entre o 14 de marzo de 2020 e o 30 de abril de 2021**.

**Gastos Subvencionables:** serán obxecto de subvención os seguintes gastos vinculados directamente as actividades empresariais e dentro do período subvencionable:

- 1.- A adquisición de material funxible destinados ós Equipos de Protección Individual ou a adopción de medidas hixiénico sanitarias tendentes a combater a propagación ou o contaxio polo COVID-19. Entre outros, e a título enunciativo, gastos en mascarillas, protección ocular anti-salpicaduras, batas resistentes a líquidos, guantes desbotable, pantallas protectoras, xel, mamparas, medidores de CO<sub>2</sub>, ...
- 2.- A asistencia externa para labores de desinfección dos equipos, instalacións e persoas exclusivamente na resposta a situación provocada polo COVID-19.





3.- A asistencia dun servizo de prevención alleo para a avaliación dos postos de traballo que poidan ser poboación de risco fronte ó COVID-19, e/ou plan de continxencias.

4.- Gastos por licencias de uso de ferramentas ou aplicativos informáticos para o impulso ou desenvolvemento do teletraballo ou o comercio electrónico por internet vinculados a actividade empresarial, ou derivadas de medidas obrigatorias a implementar pola situación sanitaria. Gastos polo deseño web de páxina destinada a promoción comercial e/ou venta de produtos, gastos de dominio, actualización, mantemento e revisión de dita web, así como actualización da presenza da empresa en redes sociais e plataformas de comercio electrónico. Si se trata de gastos aboados de forma anticipada terase en conta o prorrateo en meses dentro do período subvencionable.

5.- Gastos de arrendamento de bens inmobles (locais, establecementos e terreos).

6.- Gastos de cotas de autónomos e Seguridade Social.

### **TERCEIRA.- FINANCIAMENTO.**

Para o exercicio 2021, o importe total das axudas outorgadas ascenderá a **75.000 euros**, con cargo á asignación orzamentaria 43000/48000 do orzamento vixente.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para a realización de novas convocatorias. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

### **CUARTA.- BENEFICIARIOS.**

Poderán participar na presente convocatoria aquelas persoas físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención, e entidades do 3º sector que desenvolvan actividades económicas, **e que cumpran os seguintes requisitos:**





- Que a actividade se desenvolva por unha persoa física (traballador autónomo), unha microempresa ou pequena empresa.

(Para os efectos das presentes bases, terán a consideración de microempresas ou pequenas empresas aquelas que ocupen a menos de dez traballadores e non superen un millón de euros de importe neto de cifra de negocio en datos dos anos 2018 e 2019.)

- Que teña o seu domicilio fiscal no termo municipal da Guarda e conste de alta no rexistro de matrícula do IAE do Concello.
- Que conte con licencia de actividade.(se comprobará de oficio polo Concello).
- Que estea dado de alta no réxime da seguridade social ou na mutua profesional correspondente e na Axencia Estatal de Administración Tributaria no momento de presentación da solicitude. Os solicitantes non poderán atoparse en situación de baixa médica no momento de solicitude da axuda.
- Que non se atope incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 anteriormente citada, debendo atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social e non ter débedas en período executivo co Concello da Guarda.

**Quedan excluídos destas axudas as comunidades de propietarios en réxime de propiedade horizontal, as administracións públicas e os seus concesionarios e demais organismos do sector público.**

Concederase unha única axuda por persoa física ou xurídica solicitante.

#### **QUINTA.- CONTÍA MÁXIMA.**

O límite máximo por beneficiario establécese na cantidade de 300 euros. Se outorgará a axuda en función da contía xustificada, ata un **máximo de 300 euros por beneficiario.**

O Concello da Guarda aboará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases e posterior convocatoria.

Para a concesión das axudas se terá en conta a orde cronolóxica das solicitudes presentadas que cumpran con todos os requisitos esixidos nas presentes bases ata a terminación do crédito orzamentario. Terase en conta a orde cronolóxica de entrada das solicitudes, considerando como data de presentación aquela en que estas reúnan toda a documentación requirida, unha vez subsanadas se procede, as ausencias ou insuficiencias conforme ó





establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Só concederáse unha axuda por persoa, de xeito que no caso de solicitude de mais dunha axuda a nome da mesma persoa, esta non será admitida, e darase curso a aquela que teña entrada no rexistro municipal en data anterior.

## SEXTA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

### 6.1.- Presentación de solicitudes

As solicitudes realizaranse no modelo que se achega a esta convocatoria (Anexo I).

**De xeito presencial:** As persoas interesadas poderán presentar a súa solicitude no modelo oficial, acompañada da documentación esixida e debidamente cuberta e asinada, no Rexistro Xeral do Concello da Guarda ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A documentación presentada será a recollida no Anexo I a estas Bases.

Se as entidades non reuniran os requisitos esixidos nestas bases e convocatoria e no resto da normativa de aplicación, requiriráselle para que subsane as deficiencias en dez días hábiles, con indicación expresa de se non o fixese, teráselle por desistido na súa solicitude despois da correspondente Resolución, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

**De xeito telemático:** as persoas interesadas poderán presentar a súa solicitude por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello da Guarda, debendo proceder a súa sinatura a través dos mecanismos admitidos na sede electrónica [www.aguarda.sedelectronica.gal](http://www.aguarda.sedelectronica.gal)

### 6.2.- Documentación acreditativa:

- a).- Solicitude segundo o modelo oficial, debidamente cuberto. (**Anexo I**)
- b).-Fotocopia do DNI ou documento identificador, válido no territorio nacional, da persoa física solicitante da subvención.
- c).- NIF da persoa xurídica, e DNI e acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presente a solicitude no caso de non ser a mesma.
- d) – Escritura de constitución da persoa xurídica, inscrita no correspondente Rexistro.





- e).- Acreditación domicilio fiscal no municipio da Guarda. (se acreditará mediante certificado de Situación Censual tanto para persoas físicas coma para persoas xurídicas.)
- f) - Certificado de número de conta bancaria. Deberá ser certificado expedido nos exercicios 2020 ou 2021. Se o certificado se obtén directamente da banca electrónica da entidade bancaria é necesario que estea firmado dixitalmente e conste o correspondente Código Seguro de Verificación (CSV). En caso contrario se requirirá o selo e firma da oficina bancaria correspondente.
- g)- Declaración responsable (**Anexo II**)
- h)- Declaración de outras axudas (**Anexo III**)
- i) - Certificado de obrigas tributarias coa AEAT
- j)- Certificado de obrigas tributarias coa ATRIGA
- k)- Certificado de obrigas sociais coa SEGURIDADE SOCIAL

( O informe de non ter débedas pendentes co Concello da Guarda se aportará de oficio polo Concello)

l) Facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral xunto con xustificantes de pagamento e relación das mesmas, detallando número de factura, data de emisión, provedor, CIF, concepto, importe e data de pago, correspondentes aos gastos obxecto das presentes axudas nos que as persoas beneficiarias teñan incorrido durante o período subvencionable.

**Non se aceptarán pagos en efectivo como xustificante de pagamento de mais de 150 euros.**

As facturas deberá corresponderse cos requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación.

### **6.3.- Prazo de presentación.**

As solicitudes se presentarán no prazo de **20 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia do estrato remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións, e irán dirixidas ao Sr. Alcalde/Presidente. **A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo fixado ou sen axustarse aos modelos normalizados de uso obrigatorio será causa de inadmisión.**

**Para a concesión das axudas se terá en conta a orde cronolóxica das solicitudes presentadas que cumpran con todos os requisitos esixidos nas presentes bases ata a terminación do crédito orzamentario.** Terase en





conta a orde cronolóxica de entrada das solicitudes, **considerando como data de presentación aquela en que estas reúnan toda a documentación requirida**, unha vez subsanadas se procede, as ausencias ou insuficiencias conforme ó establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

## **SÉTIMA.- INSTRUCIÓN E PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN.**

A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase conforme co establecido nos artigos 22.2 c) e 28 da LXS, por concorrer razóns de interese público, social, e económico.

O procedemento para a concesión desta axuda iníciarase, unha vez aberto o prazo de presentación de solicitudes.

A Alcaldía designará ás persoas empregadas responsables do procedemento de tramitación e instrución da concesión das axudas.

Se a solicitude non cumpre os requisitos establecidos na presente norma reguladora da convocatoria, o instrutor requirirá á persoa interesada para que presente subsanación no prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles indicándolle que, de non solucionar as deficiencias ou non achegar a documentación requirida, entenderase que a persoa física ou xurídica solicitante ten desistido da súa solicitude.

Unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, o instrutor formulará proposta de resolución provisional debidamente motivada, que será notificada as persoas interesadas, concedendo un prazo de 5 días naturais para presentar alegacións.

Despois de examinar as alegacións, de ser o caso, unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento. A resolución, ademais de conter a relación de persoas solicitantes ás que se lles concede a subvención, fará constar, no seu caso expresamente, a desestimación das solicitudes que non cumpran os requisitos. A resolución de concesión e/ou denegación das axudas corresponderá ao Sr. Alcalde-Presidente, e será obxecto de notificación aos interesados e de publicación do taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

A resolución das axudas efectuarase por orde de entrada das solicitudes que reúnan todos os requisitos para poder ser valoradas ata esgotarse o crédito orzamentario destinado a esta convocatoria de axudas. No caso de que haxa que corrixir algunha solicitude, considerarase a estes efectos a data na que a solicitude este completa e sexa posible a súa valoración.

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso administrativo de Pontevedra, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderase formular, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano





que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro. Non poderán simultanearse ambos os dous recursos.

#### **OITAVA.- PAGO.**

Unha vez ditada a resolución definitiva de concesión e notificada aos interesados, procederase ao abono do 100% do importe concedido.

#### **NOVENA.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.**

Son obrigas da persoas beneficiarias:

- 1.- Cumprir todos os requisitos destas bases.
- 2.- Permanecer en alta no réxime especial da Seguridade Social de Traballadores por conta propia/autónomos.
- 3.- Non presentar mais dunha solicitude se se trata de persoa física que non forma parte de sociedade que solicita axuda nesta convocatoria
- 4.- Declarar a obtención doutras axudas e que a suma delas non supera os gastos.
- 5.- Comunicar inmediatamente as modificacións.
- 6.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención.
- 7.- Consentir o tratamento dos datos e a súa publicación.
- 8.- Dar publicidade do financiamento do Concello ( a tal efecto os beneficiarios se descargarán o modelo de cartel que estará a súa disposición na sede electrónica do Concello).
- 9.- Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e a finalidade subvencionada.
- 10.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que poderá facer o Concello ou outros órganos de control competentes.
- 11.- Subministrar a información e a documentación que lle solicite o Concello.
- 12.- Someterse ao control financeiro polo Concello.

Todos estes gastos deberán estar vinculados ao local onde se desenvolva a actividade económica e no período subvencionable. Así mesmo os beneficiarios acreditarán a realización dos gastos subvencionados mediante a presentación de orixinais ou fotocopia dos gastos, en todo caso os xustificantes deben estar a nome do beneficiario final.

13.- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados nos artigos 36 e 37 da LXS, e en particular, por obter do Concello da Guarda subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a tivesen impedido, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.

#### **DÉCIMA.- REVOGACIÓN E REINTEGRO.**





No caso de que o beneficiario incorra nalgunha das causas de reintegro que se establecen no título II da Lei 38/2003, o Concello esixirá ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co procedemento establecido.

#### **UNDÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS ACHEGADOS COA SOLICITUDE.**

O tratamento dos datos persoais achegados polas persoas solicitantes ao Concello da Guarda, fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos ao Concello da Guarda determinará a exclusión da persoa interesada no procedemento.

#### **DUODÉCIMA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS .**

Estas axudas son compatibles con calquera outra subvención, ingresos ou recurso para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou entidades públicas ou privadas, autonómicas, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. En ningún caso o importe da subvención unido ao de outras posibles axudas, para a mesma finalidade, poderán superar o 100% do gasto correntes nos que se teña incorrido e imputado nesta convocatoria de axudas.

O Alcalde-Presidente  
Antonio Lomba Baz

**Documento asinado electronicamente**







## ANEXO I

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DO CONCELLO DA GUARDA PARA PALIAR O IMPACTO ECONÓMICO ORIXINADO POLA COVID 19			
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
DNI:	NOME:		
CIF:	RAZÓN SOCIAL:		
DOMICILIO		LOCALIDADE	C.P.
TELÉFONO	e-mail	Nº CONTA COTIZACIÓN S.S.	
DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL OU APODERADO/A			
NOME A APELIDOS		TELÉFONO	e-mail
PERSONA DE CONTACTO PARA ACLARACIÓNS SOBRE A SOLICITUDE			
NOME A APELIDOS		TELÉFONO	e-mail
DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non cubrir se e o mesmo do solicitante)			
DOMICILIO		LOCALIDADE	CP
DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA A ESTA SOLICITUDE			
<input type="checkbox"/> DNI da persoa solicitante			
<input type="checkbox"/> CIF da entidade			
<input type="checkbox"/> Escritura de constitución da persoa xurídica, inscrita no correspondente Rexistro.			
<input type="checkbox"/> DNI do representante (no seu caso)			
<input type="checkbox"/> Poder do representante e da que presenta a solicitude no caso de non ser a mesma			
<input type="checkbox"/> Certificado de Situación Censual			
<input type="checkbox"/> Certificado de conta bancaria.			
<input type="checkbox"/> Certificado de obrigas tributarias coa AEAT			



- Certificado de obrigas tributarias coa ATRIGA
- Certificado de obrigas sociais coa SEGURIDADE SOCIAL
- Facturas e Pagos que imputa á subvención

A persoa abaixo asinante, presenta esta solicitude, perante o concello da Guarda, asumindo a totalidade da regulación aplicable á presente convocatoria con todas as obrigas que da mesma se deriven, o tempo que declara, a veracidade dos datos nela citados.

No nome da entidade solicitante e como representante da mesma, acepto a subvención no caso de ser concedida e nos termos nos que se me conceda.

A Guarda, ..... de ..... de 2021.

(Sinatura do solicitante)



Cod. Validación: 5M5ZKNAX5TWR665EZEPIHMGZM | Corrección: <https://aguarda.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 de 12



## ANEXO II

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. / Dna.:

con DNI nº:

na súa condición de:

tendo solicitado ao Concello da Guarda participar na convocatoria de **AXUDAS DO CONCELLO DA GUARDA PARA PALIAR O IMPACTO ECONÓMICO ORIXINADO POLA COVID 19**

#### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

a).- Que non teño pendente a xustificación ningunha subvención recibida do Concello da Guarda.

b).- Que nin a persoa física solicitante nin, no seu caso, os representantes legais da persoa xurídica solicitante, se atopan en ningún dos supostos de exclusión para a obtención de axudas públicas á que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

c).- Que a persoa física ou xurídica solicitante atopase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, segundo o previsto nos artigos 18 e 19 do Regulamento de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo.

d).- Que a persoa física ou xurídica solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas co Concello da Guarda.

e).- Que a persoa física ou xurídica solicitante está ao corrente no pago de obrigas por reintegro de subvencións nos termos do artigo 21 do citado Regulamento.

A Guarda, ..... de ..... de 2021.

(Sinatura do declarante)





### ANEXO III

## DECLARACIÓN DE OUTRAS AXUDAS

D. / Dna.:

con DNI nº:

na súa condición de:

tendo solicitado ao Concello da Guarda participar na convocatoria de **AXUDAS DO CONCELLO DA GUARDA PARA PALIAR O IMPACTO ECONÓMICO ORIXINADO POLA COVID 19**

### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1.- Que en relación a outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Solicitou e/ou se lle concedeu outra axuda para esta mesma finalidade ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE	DISPOSICIÓN REGULADORA

2.- Que en relación coas axudas de minimis:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda de minimis
- Solicitou e/ou se lle concederon axudas de minimis, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE	DISPOSICIÓN REGULADORA

A Guarda, .....de ..... de 2021

(Sinatura do declarante)

